

ESTHER DUFLO

Esther Duflo naceu en París no ano 1972. Tras rematar a Educación Secundaria no Lycée Henry IV, cursou estudos na Escola Normal Superior de París, onde se titulou en 1994 en Historia e Economía. Ao ano seguinte obtivo un Mestrado en Economía e, catro anos despois, doutorouse en Economía no Instituto de Tecnoloxía de Massachusetts (MIT), onde comezou a traballar como profesora e onde continúa exercendo a docencia na actualidade.

A grande aportación de Duflo reside na súa mirada ao respecto dos problemas sociais. Afirmar que “hai que analizar as políticas sociais coa mesma precisión que os efectos dun novo medicamento”. Non vale, xa que logo, apoiarse en ideas preconcebidas nin na intuición.

A súa investigación céntrase en aspectos microeconómicos de países en vías de desenvolvemento, como o comportamento das familias, a educación, o acceso á financiación, a saúde ou a avaliación de políticas públicas.

Nas súas primeiras investigacións abordou e demostrou con evidencias que a educación ten un impacto positivo nos salarios. Preocupada polos problemas de pobreza e desigualdade, propúxose avaliar as propostas de solución con pragmatismo e sen prexuízos. Móstrase moi crítica cos microcréditos, cuxos efectos non foron os esperados, pois son usados por moitas persoas para financiar negocios cos que están pouco familiarizadas ou simplemente para mercar un electrodoméstico.

Duflo realizou ademais importantes achegas no campo da investigación sobre a desigualdade de xénero, concretamente con respecto á relación entre o empoderamento feminino e o desenvolvemento económico concluíndo que, para lograr a equidade entre mulleres e homes, haberá que tomar medidas políticas que favorezan as mulleres a expensas dos homes, e haberá que facelo durante moito tempo.

No ano 2003, Duflo cofundou o Laboratorio para a Acción sobre a Pobreza no MIT, unha rede de profesorado de todo o mundo que busca reducir a pobreza, garantido que as políticas públicas estean guiadas pola evidencia científica. Esta rede colabora con gobernos e organizacións sociais para detectar as experiencias de axuda ao desenvolvemento que funcionan na práctica.

No ano 2019, Esther Duflo converteuse na persoa máis nova en recibir o Premio Nobel de Economía polo seu enfoque experimental para aliviar a pobreza global.

Diego Rodríguez Bouzón

4º ESO B